



LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN ORZAMENTARIA 2023

Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica

15 de Decembro de 2022

1. Plan de financiamento do sistema universitario galego 2022-26.....	3
2. Contexto orzamentario.....	4
2.1 Evolución orzamentaria	4
2.2 Previsión de calendario para aprobar os orzamentos de 2023	5
2.3 Principais magnitudes económicas do Plan de Financiamento para o SUG, evolución e previsión para o período 2022-23	6
3. Principais fontes de financiamento da UDC procedentes do PFSUG do ano 2023 e comparativa con respecto a 2022.....	8
4. Previsión de ingresos e gastos	14
4.1 Previsión dos ingresos para 2023 e comparativa con respecto a 2022	14
4.2 Previsión dos gastos para 2023 e comparativa con respecto a 2022	22
6. Plan de aforro enerxético e de redución do impacto medioambiental	26
5. Tesouraría e dereitos pendente de cobramento	29
7. Evolución do PDI e PAS	32
8. Campus de especialización (2023)	36
9. Fondos Next Generation (2022-23)	40
10. Plan estratéxico 2022-26	42
11. Rehabilitación de edificios públicos e proxectos de eficiencia enerxética (2023)	44
12. Cidade das TIC (2022-23)	45
13. Conclusións	48

1. PLAN DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO 2022-2026 (PFSUG 2022-2026)

O Plan de financiamento do sistema universitario galego (PFSUG 2022-2026) establece os principios sobre os que debe desenvolver a súa actividade, a estrutura dos fondos, o modelo de cálculo do financiamento, o seguimento da súa evolución e o seu contido. Trátase dun instrumento de programación plurianual no que se fixan os principais obxectivos que cómpre acadar para desenvolver con garantías de calidade o ensino público universitario en Galicia. Aprobouse o 7 de decembro de 2021 polo Consello Galego de Universidades e asinouse o 18 de febreiro de 2022. A continuación, faise unha síntese dos principais contidos.

PFSUG: Principais características

a) Obxecto e vixencia

O obxecto do PFSUG é establecer un marco de financiamento para todo o sistema universitario galego. A súa vixencia vai dende o 1 de xaneiro do 2022 até o 31 de decembro de 2026, ambos os anos incluídos.

b) Estrutura e evolución

Distínguese un financiamento estrutural, o cal establece unha nova estrutura e composición, e un financiamento por resultados, no que tamén hai variacións na composición con respecto ao plan anterior. Isto explícase con maior detalle no apartado segundo e terceiro.

c) Principios

Os principios en que se basea o PFSUG son a eficiencia, a suficiencia, a equidade institucional, o equilibrio orzamentario e a transparencia. O plan de financiamento destaca a eficiencia que é o que estimula ás universidades a mellorar o rendemento académico ou docente, investigación, transferencia e internacionalización. Sen embargo, tras a crise da covid-19 quedou demostrado que é necesario mellorar a suficiencia financeira, o cal permite dotar o sistema dun maior financiamento estrutural. O fondo estrutural mudou e establecéronse tres subfondos diferentes que son explicados en maior detalle no apartado terceiro. Tamén inclúe unha mellora do financiamento estrutural que está suxeito ao cumprimento de obxectivos de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica.

d) Seguimento do Plan


Finalmente, e co fin de garantir o bo funcionamento e rigor na repartición dos fondos vinculados ao plan de financiamento, establecerase unha comisión de seguimento que se reúne anualmente para establecer os criterios reparto e observar a evolución do plan de financiamento ou dos seus principais parámetros. Neste ano a principal novidade se centra na evolución da inflación e no sobrecusto enerxético.

2. CONTEXTO ORZAMENTARIO

2.1 Evolución orzamentaria

Como se pode apreciar na figura 1, o contexto orzamentario do SUG para o cal se desenvolve a actividade docente e investigadora da Universidade da Coruña sufriu unha deterioración moi notable dende o ano 2009. Estas limitacións orzamentarias afectaron a todos os ámbitos de desenvolvemento e funcionamento diario, así como a todos os colectivos implicados como o PDI, PAS e estudantado. A pesar de que nos derradeiros anos se observa unha lixeira repunta no financiamento global, o custo estándar estivo a crecer unicamente motivado polo incremento retributivo. En consecuencia, o ingreso estrutural (custo estándar) é significativamente inferior ao gasto estrutural. Co orzamento do ano 2022 (147,93 millóns de euros) superouse en termos nominais a contía dos orzamentos previos á crise (137 millóns de euros). Esta universidade continúa a impulsar a cooperación entre as institucións públicas galegas, liderando proxectos estratéxicos para a nosa comunidade autónoma.

Figura 1. Evolución dos orzamentos no período 2002-2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos internos (2002-2022); datos en millóns de euros

No apartado seguinte vanse analizar polo miúdo os diferentes apartados do financiamento universitario.

2.2 Previsión de calendario para aprobar os orzamentos de 2023

O calendario para someter a aprobación dos orzamentos para o ano 2023 comeza no Claustro coa presentación das liñas xerais orzamentarias. A continuación, se presenta o anteproxecto de orzamento da Universidade da Coruña para o ano 2023 na Comisión de Asuntos Económicos e Patrimoniais do Consello Social e da Comisión de Asuntos Económicos da Universidade. Posteriormente, o mesmo documento se presentará no Consello de Goberno. Finalmente, no caso de ser aprobado, o documento que se somete a aprobación no pleno do Consello Social é o Proxecto de Orzamento. O calendario quedaría establecido do seguinte xeito:

1. Presentación das liñas xerais orzamentarias correspondente ao ano 2023 no Claustro: 15 de decembro.
2. Presentación do Anteproxecto do orzamento do ano 2023 na Comisión de Asuntos Económicos: 16 de decembro.

3. Presentación do Anteproxecto do orzamento do ano 2023 na Comisión de Asuntos Económicos e Patrimoniais do Consello Social: 19 de decembro.
4. Presentación do Anteproxecto de orzamento do ano 2023 no Consello de Goberno: 20 de decembro.
5. Presentación do Proxecto de orzamento do ano 2023 no Pleno do Consello Social: 20 de decembro.

2.3 Principais magnitudes económicas do Plan de Financiamento para o SUG, evolución e previsión para o período 2022-23

En base aos principios do Plan de Financiamento se establece a evolución que vai a seguir os diferentes fondos tanto de financiamento estrutural como de financiamento por resultados. Compre destacar que neste ano 2022 houbo un incremento retributivo aprobado polo Estado no mes de outubro con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro deste ano. Isto supuxo modificar a cifra do fondo estrutural que inicialmente estaba prevista para o ano 2023 xa que os incrementos retributivos teñen un carácter consolidable. Na táboa 1 pode verse unha síntese da evolución dos fondos e o criterio de evolución.

Táboa 1. Criterios de evolución dos diferentes fondos do Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego 2022-26

Fondos PFSUG 2022-2026	Criterio evolución	Breve explicación	Ano 2022	Ano 2023
1. Custo estándar	Masa salarial	Este subfondo evolucionará segundo a porcentaxe de variación da masa salarial fixada, para cada exercicio, pola lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.	257.346.862,00 €	267.659.659,00 €
2. SERGAS, INEF persoal			5.294.969,00 €	5.507.157,00 €
3. INEF funcionamento	Deflactor do PIB	Nos anos sucesivos de vixencia do plan a evolución das contías deste subfondo vincularase á evolución do deflactor do PIB.	3.074.521,00 €	3.223.411,00 €
4. Subfondo gasto corrente e mantemento de infraestruturas	Deflactor do PIB	Nos anos sucesivos de vixencia do plan a evolución das contías deste subfondo vincularase á evolución do deflactor do PIB.	28.387.221,00 €	30.015.331,00 €
5. Complementos retributivos e compensación matriculas	Complementos vixentes e compensacións matrícula	As contías asociadas a este subfondo corresponderanse co importe certificado polo órgano correspondente de cada universidade antes do 1 de xuño de cada ano, prevéndose o dito importe nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o inmediato exercicio posterior.	18.716.038,00 €	19.029.821,00 €
	Complementos estatais (CNEAI)		12.051.310,00 €	12.294.079,00 €
6. Custes asociados ao funcionamento do SUG	Constante agás SUG	Constante e reparto equitativo entre as 3 Universidades.	600.000,00 €	600.000,00 €
7. Panel de indicadores	Variación do PIB real da Comunidade Autónoma	Durante a vixencia do PGFU este subfondo evolucionará consonte a evolución do PIB real da Comunidade Autónoma para cada ano.	60.733.681,00 €	60.367.675,00 €
8. Subfondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica	5% da suma de 1 e de 4	Nos anos de vixencia do plan, as consellerías competentes en cada unha das materias, analizarán o cumprimento ou non cumprimento de cada criterio por parte das universidades, con carácter previo á elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para, no seu caso, incluír as contías resultantes do reparto nos orzamentos do exercicio inmediatamente posterior. Deste xeito, cada institución percibirá o importe correspondente aos criterios nos que acade os obxectivos, que será un terzo da contía asociada a cada criterio.	14.286.704,00 €	14.883.750,00 €
9. Fomento I+D+i e a transferencia	Dobre da taxa de referencia de crecemento do PIB	Durante a vixencia do presente plan, os créditos asociados ao Fomento da I+D+i e a transferencia evolucionarán consonte ao índice que resulte de multiplicar por dous o crecemento do PIB nominal da Comunidade Autónoma en cada ano, e os créditos a el asociados distribuíranse preferentemente mediante fórmulas de concorrencia competitiva e convenios.	62.562.774,00 €	63.158.079,00 €
Total			463.054.080,00	476.738.962,00

3. PRINCIPAIS FONTES DE FINANCIAMENTO DO PFSUG PARA 2023

A principal fonte de financiamento do sistema universitario galego provén da Xunta de Galicia, motivo polo que se procede a explicar polo miúdo a súa evolución explicada dun xeito sintético na anterior táboa.

3.1 Fondo estrutural no ano 2023

3.1.1 Composición e senda de evolución. Se establecen tres grandes subfondos.

a) Custo estándar

O total do fondo do custo estándar no conxunto do SUG do ano 2023 ascende a 267,66 millóns de euros cun incremento do 4% con respecto ao custo estándar do ano 2022 onde acadou unha contía de 257,35 MME. Como xa se explicou o ano anterior hai un novo criterio de repartición deste subfondo. Trátase do peso ou ponderación dos créditos matriculados de cada universidade. Polo tanto, procedeuse a avaliar a media dos tres cursos académicos anteriores xa pechados (2018-19; 2019-20 e 2020-21). Como está exposto na táboa 1, a senda de evolución é en función da evolución da masa salarial, isto é, en función do incremento retributivo aprobado polo Estado. A previsión para o ano 2023 é que se produza un incremento do 2,5% se ben podería acadar o 3,5% sempre que se cumpran dúas condicións. Así, se a suma do índice de prezos ao consumo harmonizado (IPCH) do ano 2022 e do IPCH adiantado do mes de setembro de 2023 superara o 6 por cento, aplicárase un incremento retributivo adicional máximo do 0,5 por cento. Ademais, se o incremento do PIB nominal igualase ou superase o estimado polo Goberno do Estado no cadro macroeconómico que acompaña á elaboración dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, aplicarase un incremento retributivo complementario do 0,5 por cento.

O volume de créditos que lle corresponde a UDC é de 729.767 créditos, o que supón un 28,10%, lixeiramente superior ao ano anterior (27,96%). Isto supón que o custo estándar acade unha contía de 75.212.364 euros (táboa 2). Na táboa 3 se inclúe o cálculo da porcentaxe dos créditos matriculados (anos 2018-19; 2019-20 e 2020-21). Non se ofrece o número de créditos matriculados auditados de cada Universidade xa que non se dispón dese dato.

Táboa 2. Estimación do custo estándar do ano 2023 e comparativa con respecto ao ano 2022

	Peso relativo dos créditos matriculados	Fondo estrutural 2022 (con incremento retributivo)	Peso relativo dos créditos matriculados	Fondo estrutural 2023 (con incremento retributivo)
UDC	27,96%	71.954.182,60€	28,10%	75.212.364,18 €
TOTAL	100%	257.346.862,00€	100%	267.659.659,00€

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Facenda

Táboa 3. Evolución da media dos créditos matriculados e auditados para as diferentes universidades do SUG

	Media de créditos matriculados (2017-18; 18-19; 19-20)	Peso relativo (redondeado)	Media de créditos matriculados (2018-19; 19-20; 20- 21)	Peso relativo (redondeado)
UDC	730.950	27,96 %	729.767	28,10 %
	2.614.213	100%	2.597.036	100%

Fonte: Elaboración a partir de datos facilitados pola Consellería de Facenda.

B) Fondo para gasto corrente e mantemento de infraestruturas

O fondo para gastos correntes e mantemento das infraestruturas (instalacións, infraestruturas e maquinaria), que inclúe os gastos correntes que se precisan para manter o funcionamento da estrutura das universidades, ascende a 30,015 millóns de euros. A evolución deste fondo dependerá do deflactor do PIB. Desá contía o que lle corresponde á UDC son 5.554.416,02 € para o fondo de gasto corrente é de 2.195.609,65 € para o fondo de mantemento de infraestruturas o que supón un montante total de 7.750.025,67 € (táboa 4).

Táboa 4. Cálculo do fondo para gasto corrente e mantemento de infraestruturas para o ano 2023

	Peso relativo para cada universidade	Fondo para gastos correntes (en euros) (Capítulo 4)	Fondo para mantemento de infraestrutura (en euros) (Capítulo 7)	Total (en euros)
UDC	25,82%	5.554.416,02	2.195.609,65	7.750.025,67
UVIGO	29,72%	6.393.362,91	2.527.237,53	8.920.600,44
USC	44,46%	9.564.102,99	3.780.601,90	13.344.704,89
	100%	21.511.882,00	8.503.449,00	30.015.331,00

Fonte: Estimación a partir da información facilitada pola Consellería de Facenda

C) Fondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica

No que se refire a este fondo alcanza unha contía de 14,884 millóns de euros cun valor do 5% dos fondos anteriores (A e B), o cal se reparte dun xeito equitativo para as tres universidades. Para conseguir eses fondos as universidades deben de cumprir diferentes variables ou parámetros. Ao se consideraren sete criterios estímase que cada universidade conseguiría aproximadamente 1/7 de 4,96 millóns de euros polo cumprimento de cada variable, criterio ou parámetro. Se unha universidade non cumprise un determinado criterio, non se podería conseguir esa contía. Os criterios que se establecen son os seguintes:

- Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola Lei de orzamentos de cada ano.
- Reforzo institucional dos centros de investigación de cada Universidade.
- Implantación dun sistema de contabilidade analítica.
- Publicación dun sistema de contabilidade analítica
- Cumprimento dos obxectivos de resultado financeiro marcados pola lei de estabilidade orzamentaria.
- Integración no sistema informático e financeiro da comunidade autónoma.
- Medidas de optimización e creación de titulacións compartidas de grao e/ou con baixa demanda en centros propios para os cursos 2022-23 e 2023-24 ou excesivamente replicadas nos diferentes campus.

Táboa 5. Repartición do fondo de eficiencia, estabilidade financeira e mellora estratéxica para o ano 2023

Universidade	Peso relativo para cada universidade	Fondo de eficiencia e mellora estratéxica 2023 (en euros)
UDC	33,33%	4.961.250,00
UVIGO	33,33%	4.961.250,00
USC	33,33%	4.961.250,00
	100%	14.883.750,00

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Facenda

3.1.2 Resto de subfondos do fondo estrutural (2022-23)

Como se pode comprobar na táboa 6, existe unha mellora no financiamento estrutural no ano 2023 con respecto ao ano 2022 de 4,130 millóns de euros como consecuencia fundamentalmente do incremento dos fondos de gasto corrente e mantemento de infraestruturas (+0,465 millóns de euros), o fondo de estabilidade financeira (+0,190 millóns de euros) e do custo estándar (+3,258 millóns de euros). No caso do SERGAS (+0,059 millóns de euros) e do INEF (+0,149 millóns de euros) hai variacións positivas en cada un dos casos, se ben son reducidas en termos relativos polo que o seu impacto na variación do fondo estrutural é significativamente menor.

Táboa 6. Evolución das diferentes compoñentes do financiamento estrutural no período 2022-2023 (datos en millóns de euros)

FONDO	SUBFONDO	2022	2023	Diferencia 2022-23
FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL	Custo estándar	71,954	75,212	3,258
	Fondo de gasto corrente e mantemento de infraestrutura	7,285	7,750	0,465
	INEF Galicia	3,074	3,223	0,149
	SERGAS prazas vinculadas	0,965	1,024	0,059
	Fondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica	4,762	4,961	0,199
SUBTOTAL		88,040	92,170	4,130

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda

3.2. Análise do Fondo de resultados do período 2022-2023

3.2.1 Variación do fondo de resultados para o SUG

A) Subfondos “Complementos retributivos e compensación de matrícula” e “Investigación e transferencia”

Como se pode ver na táboa 7, no caso do fondo de complementos retributivos e compensación de matrícula e o “*Fondo de investigación e de transferencia*”, acada unha dotación para a UDC no ano 2023 de 8.609.833,22 €. Ambos os subfondos proceden do capítulo 4.

B) Consellos sociais

Trátase dun fondo que concede a Consellería de Educación aos consellos sociais, os cales actúan de axentes dinamizadores da actividade desenvolvida polas universidades. A contía é de 600.000 € para todo o sistema universitario galego, que se reparte de maneira alícuota para as tres universidades polo que corresponde 200.000 € a cada unha. Este subfondo non experimenta variación.

C) Panel de indicadores

Tratase do subfondo destinado a valorar a actividade docente ou académica, de investigación, transferencia e da internacionalización. A estas dimensións vaise engadir a estabilidade financeira e a responsabilidade social ou sustentabilidade. Hai unha importante variación con respecto ao plan anterior, xa que pasan de 12 a 41 indicadores. Por outra banda, practicamente non hai variación no peso dos indicadores con respecto ao ano anterior posto que varía dun 23,35% no ano 2022 ao 23,32% no ano 2023.

Táboa 7. Subfondos do financiamento por resultados para o período 2022-23

FONDO	SUBFONDO	SUG (2022)	UDC (2022)	SUG (2023)	UDC (2023)
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	Complementos retributivos e compensación por matriculas (Capítulo 4)	18.716.038,00€	4.602.602,58€	19.029.821,00€	8.609.833,22€
	Fondo de Investigación e de transferencia (Capítulo 4)	12.051.310,00€	2.685.582,20€	12.294.079,00€	
	Outros custos asociados ao ensino universitario (Capítulo 4)	600.000,00€	200.000,00€	600.000,00€	200.000,00€
	Panel de indicadores (Capítulo 4)	29.724.068,00€	14.182.732,63€	29.544.939,00€	14.080.066,46€
	Panel de indicadores (Capítulo 7)	31.009.613,00€		30.822.736,00€	
	Subtotal	92.101.029,00 €	21.671.917,41 €	92.291.575,00 €	22.889.899,68 €
	Fomento da I+D+i (Capítulo 7)	40.703.294,00€		38.765.331,00€	
	Fomento da I+D+i e da transferencia (Capítulo 4)	21.859.480,00€		24.392.748,00€	
	Subtotal I+D+i	62.542.774,00 €		63.158.079,00 €	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda. As variacións son en termos absolutos.

Non se inclúe a repartición do subfondo de I+D+i, xa que existen moitos programas con diferentes criterios de repartición (convenios, persoal, infraestruturas científico-tecnolóxicas, agrupacións e centros de investigación etc.).

4. PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS

4.1 Previsión dos capítulos de ingresos para o ano 2023

A continuación, preséntase a previsión das diferentes partidas de ingresos e gastos para o ano 2023.

A) Taxas e prezos públicos (Capítulo III)

A principal partida é a matriculación de estudantes. Como se pode ver na táboa 8, no curso académico 2022/23 a matriculación do alumnado correspondente ás diferentes categorías (grao, mestrado, doutoramento e Erasmus ou intercambio) alcanza unha cifra de 17.325 alumnos/as, que é lixeiramente inferior ao curso académico anterior. Sen embargo, esta cifra non recolle os datos de alumnos Erasmus que se poidan matricular no segundo cuadrimestre polo que é de esperar que a cifra total se incremente. Adicionalmente, a esta cifra habería que engadir as matriculas procedentes dos estudos de posgrao e da Sénior.

Dentro da actual contorna de recesión demográfica, trátase dun resultado aceptable xa que a taxa de cobertura de primeiro ingreso é alta. Polo tanto, os novos graos e mestrados están a ter unha boa aceptación e a oferta formativa en xeral ten unha boa acollida. O obxectivo é consolidar a actual oferta formativa, impulsar os novos títulos académicos e continuar coa tendencia dunha maior internacionalización a través de diferentes programas (p. ex. Erasmus+) tanto en Iberoamérica como en Europa.

Táboa 8. Evolución da matrícula das diferentes categorías de oferta académica

Categoría	Curso 2014/15	Curso 2015/16	Curso 2016/17	Curso 2017/18	Curso 2018/19	Curso 2019/20	Curso 2020/21	Curso 2021/22	Curso 2022/23
LRU	2.866	1.537	614	308	-	-	-	-	-
GRAO	14.171	14.646	14.121	13.960	13.794	13.645	13.990	13.849	13.662
MESTRADO	1.400	1.629	1.775	1.837	1.914	2.063	2.252	2.353	2.263
DOUTORA MENTO	1.473	1.138	1.210	1.143	1.179	1.299	1.295	1.290	1.093
ERASMUS	552	600	632	689	576	718	265	507	347*
SUBTOTAL	20.962	19.550	18.352	17.937	17.463	17.725	17.802	17.999	17.325
ESTUDOS POSGRAO	657	413	418	375	151	262	280	216	53*
SÉNIOR	663	806	879	954	940	986	392	748	843
TÍTULOS PROPIOS	33	31	33	26	25	3	-		-
TOTAL	21.815	20.800	19.682	19.292	18.579	18.976	18.474	18.963	18.221

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Xescampus; * Pendente de computar Posgrao e Erasmus do segundo cuadrimestre

Outro dos conceptos son os ingresos por investigación como facturación de servizos de investigación, custos indirectos ou alugueres. Nestes conceptos se espera que incrementen os ingresos, principalmente os derivados da actividade investigadora xa que existe un maior volume de proxectos de investigación acadados tanto nas convocatorias nacionais como europeas ou internacionais. De feito, grazas ao incremento de proxectos de investigación, tanto nacionais como europeos, se está a incrementar os ingresos por custos indirectos. Esta cifra mellora dende 1,925 millóns no ano 2022 aos 2,261 millóns no ano 2023. Tamén se espera que se incremente os ingresos pola Residencia Universitaria xa que neste ano se acadou o máximo de capacidade tanto en Ferrol como en Coruña. De feito, hai persoal agardando en reserva. Polo tanto, se espera que no próximo ano 2023 continúe esta tendencia e se cubra a totalidade de prazas tanto en Coruña (108) como en Ferrol (25). En total, hai unha previsión de recadación no capítulo III por valor de 17,97 millóns de euros, contía que é superior ao ano anterior (17,01 millóns de euros). Isto supón un incremento dun 5,62% cun peso relativo do 10,67% (véxase a táboa 9).

B) Transferencias correntes (Capítulo IV)

A principal fonte de financiamento da UDC son as transferencias correntes. Para o conxunto do Capítulo IV hai un lixeiro incremento con respecto ao ano 2022 ao pasar de 103,35 a 104,36 millóns de euros (incremento dun 0,98%) (véxase a táboa 9). A razón de que non exista un maior incremento é basicamente contable. Anteriormente, un dos fondos denominado “*Fondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*” estaba contabilizada no capítulo 4 e agora pasa ao capítulo 7.

A principal partida orzamentaria no capítulo de ingresos se corresponde co denominado subfondo “Custo estándar” que alcanza unha contía de 75,21 millóns de euros. Como xa se mencionou no apartado segundo deste documento esta contía é significativamente inferior ao custe de persoal. Hai que engadir, ademais, as transferencias derivadas do INEF (3,22 millóns de euros) e as prazas vinculadas ao SERGAS (1,02 millóns de euros). No caso do SERGAS e do INEF hai lixeiras variacións positivas en cada un dos casos, se ben son moi reducidas (0,059 millóns de euros para SERGAS e 0,149 millóns de euros do INEF) polo que o seu impacto na variación do fondo estrutural e no financiamento global non é significativo. Como xa se puido observar na táboa 5, existe unha mellora no financiamento estrutural no ano 2023 con respecto ao ano 2022 de 4,130 millóns de euros como consecuencia fundamentalmente do incremento dos fondos de gasto corrente e mantemento de infraestruturas e do custo estándar. Sen embargo, como xa se indicou, nese incremento non se pode contabilizar a variación procedente do fondo de estabilidade financeira nin parte da aportación do fondo de gasto corrente e mantemento de infraestruturas xa que ambas están dentro do capítulo 7.

Dentro das transferencias correntes tamén están incluído o subfondo denominado “*Complementos retributivos, compensación por matrículas e sexenios de investigación e de transferencia*”. Esta partida de ingresos experimenta un incremento ao igual que o “*Subfondo para gasto corrente*” (que alcanza unha contía de 5,55 millóns de euros en 2023).

No que se refire ao subfondo de “*Estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*” (cunha contía de 4,96 millóns de euros) tamén experimenta un lixeiro incremento mais como se acaba de mencionar figura no capítulo 7, tamén denominado transferencias de capital. De igual xeito, existe unha parte deste subfondo que está destinado a mantemento de infraestruturas, o cal está encadrado no capítulo 7 de ingresos ou transferencias de capital de aí que non se inclúa neste capítulo de gasto. As transferencias correntes representan un 61,96% do orzamento, o cal é unha porcentaxe significativa e experimenta un incremento do 0,98%.

Táboa 9. Previsión dos diferentes capítulos de ingresos para 2023 e comparativa con respecto ao ano 2022

Capítulo de ingresos	2022 (en millóns)	2023 (en millóns)	Peso 2023	Variación 23/22	2022 (en euros)	2023 (en euros)
Capítulo III - Taxas, prezos públicos	17,01	17,97	10,67%	5,62%	17.013.400,00	17.969.400,00
Capítulo IV - Transferencias correntes	103,35	104,36	61,96%	0,98%	103.352.387,15	104.361.770,21
Capítulo V - Ingresos patrimoniais	0,33	0,33	0,20%	0,00%	330.000,00	330.000,00
Capítulo VII - Transferencias de capital	26,71	45,28	26,88%	69,52%	26.712.062,77	45.283.591,23
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,52	0,50	0,30%	-3,70%	517.160,68	498.047,73
	147,93	168,44	100,00%*	13,87%	147.925.010,60	168.442.809,17

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €; os pesos e as variacións están calculadas sobre os datos con millares e centenas e debido ao redondeo a suma dos valores porcentuais pode variar nunha centésima por encima ou debaixo do 100%.

C) Ingresos patrimoniais (Capítulo V)

Son os ingresos dos xuros bancarios e das concesións administrativas. Representan unha porcentaxe moi reducida e non significativa polo que ten moi pouca repercusión na estimación do equilibrio orzamentario. Son os ingresos polos canons ou tarifas que cobra a UDC polo uso de espazos ou ingresos derivados polas concesións administrativas. No ano 2022 houbo unha melloría notable con respecto ao ano 2021 e para o ano 2023 trátase de recuperar esta actividade desenvolvida con anterioridade ao ano 2020. Non experimenta variación. A estimación en termos absolutos é de 0,33 millóns de euros e un peso relativo de 0,20%, polo que no conxunto do orzamento non é significativa.

D) Transferencias de capital (Capítulo VII)

As transferencias por capital experimentan un incremento moi positivo (69,52%) ao pasaren de 26,71 millóns de euros no ano 2022 a 45,28 millóns de euros no ano 2023 e representan un 26,88% do total de ingresos. Trátase do capítulo que experimenta o maior crecemento. A continuación explícanse os principais proxectos que se están a desenvolver e que motivan este crecemento no investimento.

D1) Fondo de estabilidade financeira e mellora estratéxica.

Como xa se explicou anteriormente, o subfondo denominado “*Estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*” (cunha contía de 4,96 millóns de euros), que o ano anterior estaba no

capítulo 4, este ano se integra no capítulo 7, ou de transferencias de capital. Ademais, unha parte do subfondo que está destinado a mantemento de infraestruturas (2,19 millóns de euros), o cal está encadrado no capítulo 7 de ingresos ou transferencias de capital de aí que non se inclúa neste capítulo de gasto.

D2) Programa de servizos xerais de apoio á investigación.

Trátase dun programa de desenvolvemento e apoio da I+D coa finalidade de captar talento para a xestión da investigación, desenvolvemento e innovación. A anualidade para 2023 acada unha contía de 1,324 millóns de euros.

Tamén se inclúen os programas de apoio á captación de talento como Ramon y Cajal, Juan de la Cierva e predoutoriais ademais doutros programas de captación de persoal, cun investimento de 0,62 millóns de euros. A contía total dos programas de apoio a persoal investigador é de 5,2 millóns de euros, -que inclúe o programa de recualificación procedente de fondos NGEU de 1,7 millóns de euros- fronte aos 3,5 millóns en 2022.

D3) Campus Industrial de Ferrol (CIF).

Programa de investimento para a próxima anualidade de 2023 que acada unha contía de 1,52 millóns de euros. Inclúe accións nos diferentes eixos como a investigación, transferencia, internacionalización, docencia/oferta formativa, comunicación e difusión do CIF e gobernanza do CIF. O 23 de decembro se presentará no Consello Reitor os principais resultados acadados así como o grao de cumprimento dos diferentes obxectivos marcados pola comisión avaliadora do proceso de acreditación..

D4) Proxectos de infraestruturas singulares de investigación (ex. Campus Industrial de Ferrol) e centro de formación na Cidade das TIC).

Destaca o proxecto para a infraestrutura de investigación en industria intelixente (0,9 millóns de euros). Este centro representa a vangarda da investigación e innovación no eido da enxeñaría e a industria intelixente. Trátase dunha infraestrutura singular no eido da enxeñaría industrial e naval que contaría non só con todo o equipamento singular –laboratorios- senón que permitiría a creación dun polo de innovación de fabricación aditiva da industria 4.0 capaz de desenvolver proxectos estratéxicos e tractores no eido da enxeñaría, a innovación e o deseño. Tamén está desenvolvéndose o proxecto para o centro de formación e emprendemento da Cidade das TIC.

Neste caso, a cifra non figura no orzamento xa que debe avaliarse o investimento plurianual e concretar polo tanto a contía por anualidade. En ámbolos dous casos, trátanse de infraestruturas que servirán para fortalecer a transferencia da Universidade á sociedade.

D5) Investimento en proxectos estratéxicos: Centro Mixto de Investigación UDC-Navantia

Destaca o proxecto denominado Centro Mixto de Investigación UDC-Navantia. Trátase do “Estaleiro do futuro 4.0” que se está a desenvolver no CIF en cooperación co CITIC co que se vai a contribuír á transformación do tecido produtivo mediante a transferencia de tecnoloxía e coñecemento a empresas líderes en distintos sectores, desenvolvendo proxectos de I+D+i aplicados á industria e colaborando no ámbito docente. Neste período pretende reforzar esta cooperación co tecido industrial e, en particular, promover a colaboración con outros sectores industriais ademais do naval.

O orzamento total é de 3,75 millóns de euros e a subvención ascende a 1,5 millóns de euros no período 2022-25. A anualidade de 2023 ascende a 1,16 millóns de euros xa que inclúe a achega da UDC (0,166 millóns de euros), a achega de Navantia (0,4 millóns) e a subvención da GAIN (0,5 millóns). O obxectivo é desenvolver novas técnicas e tecnoloxías que incrementen a competitividade do estaleiro para o desenvolvemento do programa F-110 (buques militares e outras plataformas) e da nova fábrica de bloques dixitais. As liñas de actuación fundamentais son: a dixitalización do sector, a mellora dos procesos produtivos existentes, e o desenvolvemento de xemellos dixitais para mellorar a produtividade e reducir tempos e custos en toda a cadea de valor.

D6) Convenios de colaboración para investimento en accións estratéxicas e impulso da I+D+i.

Se recollen os convenios coa Consellería de Educación en materia de accións estratéxicas que están enmarcados dentro do programa do “*Fomento da I+D+i*”. A estimación é de 3,2 millóns de euros cos que se pretende dar continuidade ás accións estratéxicas vixentes no período 2021-22. Tamén se destaca o impulso á I+D+i (1 millón de euros) e apoio aos centros de investigación e de gastos estruturais (2,4 millóns de euros).

D7) Fondos NGEU: Proxectos de investigación nacionais de transición dixital e ecolóxica.

Trátase de proxectos xa concedidos no ámbito da transición ecolóxica e da dixitalización. Ademais, están incluídos neste capítulo os proxectos de investigación (autonómicos e nacionais). Son 23 proxectos que acadan unha contía de 3,3 millóns de euros.

D8) Fondos NGEU: Proxectos interdisciplinares Next Generation (RedeVerde, Comunicación Cuántica, Ruraltxa, Ciencias Mariñas).

Destacan os proxectos dirixidos á mellora da transición ecolóxica mediante a potenciación das cidades e entornos sostíbles (ex. RedeVerde), ou da potenciación da comunicación cuántica. Tamén destacan os proxectos Ruraltxa e das Ciencias Mariñas. Para estes proxectos, a anualidade de 2023 acada unha contía de 0,6 millóns de euros.

D9) IVE do equipamento científico-tecnolóxico e proxecto Unidigital.

Contía do ive debe ser aportado pola propia Universidade e que neste caso acada unha contía de 0,5 millóns de euros.

D10) Fondos NGEU: Proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

Dentro do denominado “*Plan de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental*” existe un programa destinado á implantación de enerxías renovables. Neste caso, a Universidade acadou 12 proxectos de enerxías renovables. En concreto, trátase da instalación de paneis fotovoltaicos cos que se pretende impulsar o aforro enerxético e reducir a pegada ecolóxica. O investimento total estímase en 1,11 millóns de euros, no que se inclúe a aportación de recursos propios. Tamén es estima un investimento de 2,8 millóns de euros en infraestruturas, reforma, ampliación e mellora e para avanzar nos proxectos de eficiencia enerxética.

D11) Subfondo de Panel de indicadores (capítulo 7) e subfondo de mantemento de infraestruturas (capítulo 7).

Tamén está incluído neste apartado o financiamento procedente do “*Panel de indicadores*” que acada unha contía 7,19 millóns de euros e do denominado “*Subfondo de mantemento de infraestruturas*” destinado á mellora e mantemento da maquinaria, cunha contía de 2,19 millóns de euros. Ao igual que en anos anteriores, non se inclúen neste apartado os proxectos europeos

debido á dificultade para estimar en moitos casos as anualidades, así como a existencia de proxectos europeos en fase de lanzamento ou pendentes para a sinatura do *grant agreement*. Esta contía vaise ver incrementada polos convenios de colaboración de fomento da I+D+i, do resultado do proceso de acreditación dos centros de investigación e da evolución da captación dos fondos Next Generation.

D12) Proxectos de investigación autonómicos e nacionais (capítulo 7).


Existen tamén proxectos tanto nacionais como autonómicos que non proceden da convocatoria NGEU que acadan unha contía de 6,3 millóns de euros na anualidade de 2023.

E) Activos financeiros (Capítulo VIII)

O remanente estivo a experimentar unha perda motivada polo contexto orzamentario de restrición financeira en anos anteriores, o que derivou nunha redución moi importante do seu volume. Neste ano, a cantidade que corresponde é de 0,50 millóns de euros, o que representa un 0,30% e supón unha redución con respecto ao ano anterior (-3,70%).

En resumo, existen dous datos salientables. Por unha banda, o incremento do 69,52% das transferencias de capital con respecto ao ano anterior, e unha contía de 45,28 millóns de euros, cunha ponderación do 26,88%. Por outra banda, as transferencias correntes, que acadan unha contía de 104,36 millóns de euros, case un 62% do orzamento. O incremento de ingresos totais é do 13,87%.

Figura 2. Principais partidas de ingresos de 2023 e evolución dos principais capítulos dende o ano 2020



Fonte: Elaboración propia

Nota: Na gráfica non figura o valor dos ingresos patrimoniais (0,330 M€). O total ascende a 168,442 M€.

4.2 Previsión dos capítulos de gastos para 2023

A) Gastos de persoal (Capítulo I)

Como se pode ver na táboa 10, os gastos de persoal (110,61 millóns de euros) representan a porción máis importante do total dos gastos, aproximadamente un 65,67%. Os gastos de persoal incrementáanse (un 6,52%), por motivo da imputación do incremento retributivo do 2% aprobado ao final do ano 2021 e do incremento retributivo do 2,5% aprobado para o ano 2023 e o crecemento vexetativo que experimenta a plantilla anualmente por mor dos trienios, quinquenios, sexenios ou complementos retributivos. De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, Facenda autoriza para o ano 2023 os custos de persoal da Universidade da Coruña nun teito de gasto total de 110,61 millóns de euros.

**Táboa 10. Previsión de gastos para o ano 2023
e evolución dos diferentes capítulos de gasto no período 2022-23**

Capítulo de Gastos	2022 (en millóns)	2023 (en millóns)	Peso 2023	Variación 23/22	2022 (en euros)	2023 (en euros)
Capítulo I - Gastos de persoal	103,84	110,61	65,67%	6,52%	103.843.761,31	110.610.215,03
Capítulo II - Gastos correntes	18,66	19,94	11,84%	6,85%	18.664.206,41	19.943.472,26
Capítulo III- Gastos financeiros	0,03	0,04	0,02%	25,00%	28.000,00	35.000,00
Capítulo IV- Transferencias correntes	4,67	5,14	3,05%	10,03%	4.668.780,06	5.136.943,05
Capítulo V-Fondo de continxencia	0,50	0,58	0,34%	16,00%	500.000,00	580.000,00
Capítulo VI - Investimentos reais	20,00	31,91	18,95%	59,59%	19.997.379,06	31.914.293,83
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00	0,00
Capítulo IX - Pasivos financeiros	0,22	0,22	0,13%	0,00%	222.883,76	222.885,00
	147,93	168,44	100,00%	13,87%	147.925.010,60	168.442.809,17

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €; os pesos e as variacións están calculadas sobre os datos con millares e centenas polo que ao facer o arredondamento pode variar a suma nunha centésima.

Ao representar unha porcentaxe tan importante do orzamento e ao consolidar os incrementos retributivos, o financiador fai un control moi estrito tanto do límite de masa salarial anual como da súa evolución, que está condicionada pola evolución dos créditos efectivamente matriculados. Deste xeito, como xa se explicou no apartado do fondo estrutural, subfondo denominado “*Fondo de eficiencia, estabilidade financeira e mellora estratéxica*”, a evolución do gasto de persoal e, en consecuencia, do cumprimento do teito de gasto, vai ser un dos criterios sobre os que se vai avaliar este fondo. Por iso, faise necesario realizar un seguimento e control mensual da evolución da masa salarial.

B) Gastos correntes (Capítulo II)

Os gastos correntes de cara ao ano 2023 experimentan un incremento do 6,85%, de modo que pasan de 18,66 a 19,94 millóns e euros. Como consecuencia da situación económica actual, caracterizada por un crecemento dos prezos das materias primas, e da enerxía continua a incrementarse o incremento do gasto corrente. Así, o devandito incremento xeneralizado dos

prezos das materias primas e da enerxía continua a incrementar os custos da limpeza, seguridade, combustibles, canons, mantementos, tributos, seguros etc.

A contorna inflacionaria na que estamos inmersos é preocupante posto que, ademais da subida dos custos, diminúe notablemente a capacidade adquisitiva dos axentes económicos. Supón un 11,84% do total do gasto (véxase a táboa 10).

O pasado 4 de novembro aprobouse o plan de aforro enerxético que fai especial fincapé en medidas de control dos consumos enerxéticos, investimento en enerxías renovables –xa explicado no anterior apartado-, na educación para a sustentabilidade, nos programas de eficiencia enerxética e no peche de centros en períodos de Nadal en réxime de teletraballo e tamén no mes de agosto para toda a comunidade universitaria. A través destas medidas imos intentar reducir esas estimacións de custo. Convén destacar que existen contratos para os cales é posible que se reduza esa contía máis é necesario un crédito inicial para afrontar a licitación. A aplicación das medidas de aforro e o seguimento que se faga das mesmas van intentar lograr o máximo de aforro posible e reducir esas cifras de crédito inicial. Faise tamén imprescindible a colaboración de toda a comunidade universitaria. O excesivo nivel de gasto estrutural esixe, ademais das medidas de aforro, unha contención do gasto. Por este motivo, farase unha reserva de crédito de fondos propios tanto centralizados como descentralizados con excepción do capítulo 1. De igual xeito, é necesario a colaboración do financiador para facer fronte a este sobrecusto enerxético así como garantir a calidade dos servizo público no ensino universitario.

C) Transferencias correntes (Capítulo IV)

Estímase un total de 5,14 millóns de euros o que supón unha importancia relativa dun 3,05%, cun incremento do 10,03%. É importante destacar o apoio que quere facer esta universidade cos programas de apoio ao estudantado como bolsas, mobilidade (ex. programa de bonobús), residencias, promoción das actividades culturais ou deportivas etc. Consideramos fundamental o apoio ao estudantado.

D) Investimentos (Capítulo VI)

Como xa se destacou no apartado dos ingresos do capítulo 7, o capítulo de investimentos experimenta un incremento no exercicio 2023 nun 59,59% no que destaca o crecemento do investimento tanto material como inmaterial.


A contía estímase en 31,91 millóns de euros, o que representa un 18,95% do total do orzamento. O desenvolvemento de ecosistemas de innovación é unha das principais ferramentas con que contamos para facer fronte aos retos que nos formulou a crise da covid-19, como así se constatou no Claustro o pasado 4 de novembro de 2022.

Neste caso están incluídos tódolos apartados comprendidos no apartado anterior D2 a D11. Entre eles destacan o *programa de servizos xerais de apoio á investigación* (1,324 millóns de euros) e convenio ponte de persoal de xestión da investigación (0,23 millóns de euros) e outro persoal de investigación (Juan de la Cierva, Ramón y Cajal e predoutorais, con 0,62 millóns); *Campus Industrial de Ferrol* (1,52 millóns de euros); *proxectos de infraestruturas singulares de investigación* (ex. Campus Industrial de Ferrol (0,9 millóns de euros) ou Cidade das TIC); *investimento en proxectos estratéxicos* (ex. Centro mixto de investigación UDC-Navantia do *Campus Industrial de Ferrol* (1,16 millóns); *proxectos de investigación nacionais de transición dixital e ecolóxica* (3 millóns); *convenios de colaboración para investimento en accións estratéxicas* (2,3 millóns de euros); *proxectos Next Generation* (RedeVerde, Comunicación Cuántica, Ruraltxa, Ciencias Mariñas, con máis de 0,6 millóns no ano 2023); *proxectos de aforro e eficiencia enerxética* (con máis 1,11 millóns de euros), *programa de infraestruturas* (2,8 millóns) ou *proxectos de investigación nacionais ou autonómicos* (6,3 millóns) que non proceden da convocatoria NGEU. Esta contía vaise ver incrementada polo resultado do proceso de acreditación dos centros de investigación e da evolución da captación dos fondos Next Generation.

E) Resto de partidas: Gastos financeiros (Capítulo III), Fondo de continxencia (Capítulo V) e Variacións en activos e pasivos financeiros (Capítulos VIII e IX).

Estas partidas supoñen unha participación moi reducida no gasto total. No caso de gastos financeiros (0,035 millóns de euros, cun peso relativo do 0,02%) practicamente non varía. No caso do pasivo financeiro non hai variación (continúa en 0,22 millóns de euros, cunha ponderación do 0,13%). Incrementase o fondo de continxencia ate 0,58 millóns de euros para poder atender posibles continxencias ou gastos extraordinarios, o cal supón un 0,34%, o que experimenta un incremento do 16% con respecto ao ano anterior).

Figura 3. Principais partidas de gastos para o ano 2023 e evolución dos principais capítulos dende o ano 2020



Fonte: Elaboración propia

Nota: Na gráfica non figuran os valores dos gastos financeiros (0,04 millóns de €) e do fondo de continxencia (0,58 millóns de €). O total ascende a 168,44 millóns de €)

5. PLAN DE AFORRO

A actual contorna socio-económica vén condicionada por dous factores como son a incerteza económica e a suba xeneralizada de prezos, nomeadamente a inflación. Esta contorna estase a agravar pola inestabilidade xeopolítica e pola aparición dunha crise enerxética cunha gran dependencia do gas natural. As consecuencias que está a orixinar este novo contexto é un sobrecusto enerxético. A Universidade da Coruña está a desenvolver programas e medidas de mellora da eficiencia enerxética centradas no aforro enerxético e de redución ambiental. A finalidade destes programas é a de acadar un maior aforro enerxético e de redución da pegada ecolóxica. Para iso require dun investimento o que demanda unha busca máis activa e proactiva de fontes de financiamento alleo.

Ao amparo do Real decreto lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como medidas de aforro, eficiencia enerxética e redución da dependencia enerxética do gas natural establece a necesidade de acometer diferentes medidas dirixidas a promover o aforro enerxético e a transición ecolóxica.

Ao abeiro deste real decreto se estableceron diferentes medidas que foron aprobadas o pasado 3 de novembro en Consello de Goberno. Faise unha síntese destes programas.

5.1 Eficiencia enerxética

- a) Adhesión de todos os edificios da UDC a centrais de compra de enerxía. Igualmente, tamén se mantén a compra centralizada de gasóleo e gas en REDEXGA e en CSUC respectivamente.
- b) Proxectos integrais de eficiencia enerxética baseado na metodoloxía de traballo que tivo un éxito moi notable no ano 2019.
- c) Investimento en enerxías renovables.
- d) Monitorización de consumos enerxéticos (auga, gas, gasóleo, enerxía eléctrica). Con esta medida preténdese controlar os consumos enerxéticos e a análise das potencias contratadas nos diferentes centros.
- e) Progresiva sectorización da climatización como ferramenta para reducir os consumos enerxéticos dos diferentes edificios. Esta medida permitirá unha mellor adaptación das instalacións ás necesidades de confort térmico da comunidade universitaria.

5.2 Peche de centros

- a) Peche de edificios no Nadal e semana da Constitución en réxime de teletraballo.
- b) Peche en período non lectivo que corresponde a dúas semanas no mes de agosto. Mantéñense abertos os seguintes edificios: CUR, Xoana Capdevielle, Aula de estudo de Ferrol, Casa do Patín, residencias universitarias e Pavillón de Estudantes.

5.3 Transporte e mobilidade sustentable

- a) Renovación progresiva do parque móbil da UDC. Existe un plan para adquirir vehículos con tecnoloxías máis respectuosas con medio ambiente.
- b) Incrementar o número de bicicletas eléctricas e intentárase ampliar a rede de bicicletas mediante unha maior dotación de estacións de servizo bicicoruña.
- c) Promoción do uso de transporte público para acceder aos campus universitarios.
- d) Reunións telemáticas. Recoméndase a celebración de reunións de xeito telemático.

- e) Evitar o uso do ascensor, agás nos casos de mobilidade reducida. Lémbrese a importancia de evitar o sedentarismo e de manter unha vida activa tamén no ámbito laboral.

5.4 Iluminación

- a) Cambio a iluminación LED e inclusión, cando sexa posible, os detectores de presenza.
- b) Aproveitamento da luz natural.

5.5 Auga, natureza e recursos hídricos

- a) Aproveitamento das augas pluviais e implantación de sistemas urbanos de drenaxe sustentable.
- b) Controlar o uso das billas por medio de temporizadores.

5.6 Educación para a sustentabilidade

- a) Fomento e reforzo dos programas desenvolvidos pola Oficina de Medio Ambiente.
- b) Formación en boas prácticas para todo o persoal (estudiantado, profesorado, e persoal de administración e servizos) canalizados, de ser posible, a través de persoal propio con coñecementos no ámbito da xestión da enerxía, economía, etc.
- c) Campañas de promoción, divulgación e sensibilización para concienciar a toda a comunidade universitaria da necesidade de consecución dos obxectivos de aforro enerxético e redución da pegada ecolóxica.
- d) Reducir o uso dos plásticos e reciclar os materiais como papel, cartón, vidro e residuos sólidos.

5.7 Seguimento das actuacións e participación

- a) Seguimento do grao de execución das diferentes medidas, así como os resultados acadados tendo en conta indicadores obxectivos que se fundamentarán principalmente na redución do consumo enerxético (gas, gasóleo, enerxía eléctrica), da pegada ecolóxica e hídrica, e no aumento de persoas que participen nos diferentes cursos ou accións formativas.

- b) Caixa de suxestións. Na conta de correo electrónico aforro.enerxetico@udc.gal poderanse achegar propostas de mellora de aforro enerxético que estean enfocadas nalgunha das grandes áreas de traballo expostas nesta instrución, aínda que tamén se aceptan outras sempre que estean suficientemente motivadas.

6. DEREITOS DE COBRAMENTO DO IVE E TESOURARÍA

6.1 Xestión do IVE

No ano 2019 producíronse novos cambios na inspección do IVE. Por esta razón, estase a traballar nesta cuestión. A seguir, faise un resumo dos dereitos de cobramento relacionados co IVE por investigación nos anos 2012, 2013, 2014 e a situación dos anos 2018, 2019 e 2020.

6.1.1 Dereitos de cobramento pendentes de aboamento (período 2012-2014) e síntese do IVE soportado por investigación (anos 2018, 2019, 2020 e 2021)

Neste momento a UDC ten dereitos de cobramento pendente de materializarse correspondentes ao período comprendido entre 2012 e 2014, así como os correspondentes aos exercicios 2018 e 2019.

IVE 2012

Existe un procedemento en curso relativo ao imposto sobre o valor engadido do exercicio económico de 2012. O importe solicitado ascendeu a 612.493,71€. O importe liquidado ascendeu a 31.014,09 €. Por esta razón, recolléronse datos e fundamentacións para formular a demanda ante a Sala do Contencioso da Audiencia Nacional por unha contía de 581.479,62 €.

O venres, 25 de marzo, o Tribunal reconece que procede á devolución do 100 % dos pagamentos do IVE soportado en investigación por non existir diferenciación entre investigación básica e aplicada. Non obstante, se considera que a Administración ten razón ao aplicar a dedución dunha porcentaxe proporcional dos niveis de IVE satisfeitos na Función 122B de Bibliotecas, xa que non se pode acreditar que estes recursos bibliotecarios non sexan utilizados por persoal alleo ao ámbito da investigación, senón que están a disposición de toda a comunidade universitaria. Esta é unha sentenza moi favorable, xa que reconece que toda investigación debe ser 100 % deducible, e que non cabe diferenciar entre investigación básica e aplicada, que é o que sempre defendeu a Universidade. A dita sentenza supón que dos 581.479,62 euros pendentes de devolución nese ano, a Audiencia Nacional reconece a devolución de 507.978,82 euros, e denega 73.500,82 euros – cantidade relacionada coas bibliotecas–. Así mesmo, ten en conta que na devolución de

507.978,82 €, desde xaneiro de 2013 se devengan xuros de demora ao seu favor, polo que o importe da devolución definitiva será moi superior. O Tribunal Supremo decidirá se concorren os requisitos para a admisión a trámite do recurso de casación e, en caso de que así sexa, se dá traslado á Universidade para a oposición a este.

IVE 2013 e IVE 2014

As actuacións inspectoras desenvolvidas en concepto do imposto sobre o valor engadido correspondentes aos exercicios 2013 e 2014 (devolucións de IVE solicitadas de 506.694,95 e 786.951,85 euros, respectivamente) finalizaron coa sinatura de actas en desconformidade número A02 72536600 e A02 72557415 contra as que se interpuxo unha reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico Rexional de Galicia. O 27 de xullo foi comunicada a desestimación do recurso e dispúxose dun prazo de dous meses para presentar unha demanda na Audiencia Nacional. O 21/09/2021 presentouse a interposición de recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional fronte á resolución desestimatoria do TEAC recibida o 27 de xullo. O venres 7 de xaneiro de 2022 presentouse a demanda. As contías pendentes ascenden a 503.116,04 € (ano 2013) e 732.672,67 € (ano 2014). Os anos 2015, 2016 e 2017 xa foron liquidados.

IVE 2018

Con data 21 de xuño de 2019 a Delegación en Galicia da Axencia Tributaria comunicou a acta e informe de desconformidade. Neste documento a contía da liquidación proposta era de 128.226,99 €. No prazo de 15 días establecido formuláronse alegacións xunto coa documentación e xustificacións correspondentes, coa finalidade de incrementar a contía proposta pola AEAT. Como consecuencia do anterior, recibíuse unha notificación do acordo de liquidación no que figura que a contía para devolver se incrementa a 222.828,29 € que se cobrou o 8 de agosto de 2019. Como a cantidade que solicitou para devolver a UDC era de 624.151,72 €, mediante un escrito do 13 de agosto de 2019 presentouse unha reclamación económico-administrativa dirixida ao Tribunal Económico-Administrativo Central. O 21 de setembro de 2021 presentouse un recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional fronte á resolución desestimatoria do TEAC recibida o 27 de xullo. Ao igual que o IVE dos anos 2013 e 2014, o venres 7 de xaneiro de 2022 presentouse a demanda. A cantidade pendente neste caso ascende a 401.145,91 €.

IVE 2019 e IVE por servizos comúns 2015, 2016 e 2017

A contía que se soportou de IVE por investigación no ano 2019 é de 1.034.110,51 €. Posteriormente, presentouse unha liquidación a favor da Universidade da Coruña de 99.681,42 €, contía moi inferior á prevista. É por isto que no mes de decembro se fixo o trámite de alegacións mediante unha acta de desconformidade. Así mesmo, mediante un escrito presentouse unha reclamación económico-administrativa dirixida ao Tribunal Económico-Administrativo Central. A contía pendente ascende a 934.044,41 €.

IVE 2020

A contía que se liquida é 1.168.298,20 € mentres que o que se está a recuperar é de 183.821,02 €. Isto levou a presentar o 23 de xuño deste ano diferentes alegacións que foron revisadas pola Inspección da Delegación da AEAT en Galicia. Logo desa inspección o pasado 28 de setembro de 2020 recuperáronse 300.790,81 €. A cantidade pendente ascende a 866.432,90 €.

IVE 2021

A contía que se liquida é 1.030.577,65 €. En relación co procedemento inspector do IVE 2021, vaise a presentar un escrito de interposición de reclamación económico-administrativa fronte á notificación do acordo de liquidación recibida.

En resumo, o total pendente de cobramento dos anos anteriores é de 5.049.469,20 €.

6.2 Tesouraría

Desde 2010 estamos inmersos nun contexto orzamentario restritivo, o cal causou unha perda progresiva do remanente. Este dato, unido ao feito de que unha parte dos ingresos, principalmente os derivados da matrícula, están concentrados na última parte do ano, fan que o nivel de tesouraría entre maio e setembro sexa baixo. Adicionalmente, existen convenios para os cales non é posible solicitar un anticipo, polo que esixe adiantar previamente o crédito. Isto é unha constante e cada ano se están a asinar un maior número de convenios. Así, para o ano 2023 hai diferentes convenios vixentes coa Consellería de Educación como o convenio de infraestruturas (2022-23) e o convenio para o Campus Industrial (2021-23) ou o convenio de servizos de apoio á investigación (2023-25). Todos estes investimentos obrigan a adiantar os fondos que non se recuperan até que o financiador certifica a materialización dese investimento. Por esta razón, faise necesario asinar

pólizas de tesouraría para facer fronte ás obrigas con provedores. Esta operación non implica endebedamento.

7. EVOLUCIÓN DO PDI, RPT E MASA SALARIAL AUTORIZADA

7.1 Evolución do PDI (2022-23)

A utilización da taxa de reposición na oferta pública de emprego e a revisión da planificación docente son as ferramentas que permiten manter os procesos de estabilización e promoción dos distintos colectivos do PDI. Deste xeito, no ano 2022 permitiuse a contratación de PDI funcionarios e laborais fixos en función da taxa de reposición correspondente ao ano 2021. A oferta de emprego público (OEP) de PDI para o ano 2022 consta de 82 prazas (40 de contratado doutor, 30 de titular de universidade e 12 de catedrático de universidade). Estas prazas foron convocadas tomando como base as seguintes baixas de PDI no ano 2021 que serviron á súa vez de base para o cálculo da taxa de reposición:

- 28 baixas por finalización da relación de profesorado dos corpos docentes universitarios ou extinción do contrato de PDI contratado permanente.
- 11 baixas por excedencia voluntaria por servizo activo noutro corpo ou escala de calquera Administración pública.
- 21 baixas de contratados/as doutores/as por acadar unha praza de titular de universidade.

Táboa 11. Distribución das prazas por categoría e xénero (OEP 2022)

Nº Prazas	Categoría	Home	Muller	Non hai datos
40	Contratado/a doutor/a	1	1	38
30	Titular de universidade	13	9	8
12	Catedrático/a de universidade	9	3	0
82		23	13	46

Fonte: Vicerreitoría de Profesorado (2022)

A execución desta OEP, engadindo algunhas prazas das ofertas anteriores, permitiría a promoción en 2022 de 24 profesores/as axudantes doutores/as, 1 interinidade afectada pola disposición transitoria 3ª dos estatutos da UDC, 2 investigadores/as doutores/as do programa Ramón y Cajal (con certificado I3), 17 contratados/as doutores/as e 12 titulares de universidade.

Táboa 12. Distribución de PDI en promoción por categoría e xénero

Nº Prazas	Categoría	Home	Muller
1	Profesorado afectado pola transitoria 3ª dos estatutos da UDC	0	1
30	Axudante doutor/a	13	17
2	Investigadores/as doutores/as Ramón y Cajal (con certificado I3)	1	1
17	Contratado/a doutor/a	10	7
12	Titular de universidade	9	3
62		33	29

Fonte: Vicerreitoría de Profesorado (2022)

Co reforzo do programa de funcionarización de axudantes doutores/as, con 10 prazas de titular de universidade que quedaran vacantes na convocatoria de prelación dirixida á funcionarización de profesorado contratado doutor e 6 prazas libres de contratado/a doutor/a, redúcese a temporalidade no PDI. Paralelamente, coa nova convocatoria extraordinaria de prazas de axudante doutor incrementáronse as posibilidades de acadar prazas con compromiso de estabilidade, dado que as dúas convocatorias dirixidas ao profesorado interino e asociado resolvéronse con 42 prazas (30 na convocatoria do ano anterior). O resultado do programa do curso 2022/2023 foi o seguinte:

Táboa 13. Distribución por xénero das prazas de axudante doutor/a

N.º Prazas	Home	Muller	Non hai datos	Categoría
42	12	12	18	Axudante doutor/a

Fonte: Vicerreitoría de Profesorado (2022)

7.2 RPT

A RPT entrou en vigor o 16 de novembro do ano 2021, que mantivo todos os efectivos existentes e tivo un incremento neto de postos de traballo que ascende a 19. A proposta preséntase como unha ferramenta na organización de efectivos, susceptible de melloras posteriores, pois enténdese como un proxecto que se fai entre todo o persoal da UDC.

Durante o ano 2022 foi concretándose todo o proceso. A nova RPT baséase nos principios da flexibilidade funcional, especialización de mandos directivos e intermedios e mellora da eficiencia da organización e prestación de servizos, sen prexudicar ningún posto de traballo. Estes principios pretenden dar resposta ás novas esixencias da xestión en organizacións complexas.

A flexibilización funcional ten que ver cunha repartición de traballo equitativo entre todo o persoal, de forma que os picos de traballo poidan ser asumidos por persoal que nese momento teñan menos carga laboral. Se incorporaron postos especializados e cualificados de mandos intermedios e directivos coa misión de coordinar a actividade administrativa e da investigación. En terceiro lugar, basease na creación de equipos de traballo que permitan mellorar a eficiencia da organización e a prestación dos servizos. Isto quere dicir que se propicie o traballo en equipo, de tal forma que a ausencia dun traballador/a (por motivos de vacacións, baixa etc.) poida minorarse coa asunción das súas tarefas polo resto de persoal e que non haxa paróns nos trámites administrativos.

O 10 de novembro arrancou o equipo da xestión de investigación, que vai asumir a xestión económica de toda a actividade investigadora, que inclúe tamén os convenios de I+D+i coas diferentes institucións. Isto supón un punto de inflexión. Ademais, tamén está operativa a xefatura de sección de contabilidade analítica, onde se están a facer importantes avances. De feito, no mes de setembro executáronse os servizos para a extracción da información dos sistemas fonte necesaria para abordar a persoalización do modelo de contabilidade analítica do exercicio 2020, a partir do modelo de custos do “Libro Branco dos custos nas universidades”, á realidade da Universidade da Coruña, no marco do Documento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que orienta a definición do modelo e co fin último de abordar a carga de datos na aplicación informática Contabilidade Analítica de UXXI-ECONÓMICO. Tamén está publicado na web un apartado denominado “Contabilidade Analítica” [[Contabilidade \(udc.es\)](https://www.udc.es)], que recolle o informe sobre a realización destes traballos co cronograma de implantación dos exercicios 2020 e 2021.

7.3 Masa salarial autorizada e teito de gasto

O 19 de outubro de 2022 a Consellería de Facenda aprobou a masa salarial autorizada para a UDC correspondente ao ano 2023. Deste xeito, de conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, Facenda autoriza para o ano 2023 os custos do persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade da Coruña un teito de gasto total de 110.613.056 €. Na táboa pode verse como se reparten os importes por conceptos de gasto.

Táboa 14. Límite de gasto de masa salarial

Concepto	Importe
Retribucións	68.989.271 €
Complementos persoais	25.016.812 €
Seguridade Social	15.876.973 €
Acción social	730.000 €
Total	110.613.056 €

Considérase un incremento global máximo das retribucións, nunha porcentaxe do 2,5 %, en previsión do que se establece no proxecto de orzamentos xerais da Administración xeral do Estado para o ano 2023 de incremento global máximo das retribucións no ámbito do sector público. Non se prevé ningún incremento para os gastos de acción social. Así mesmo, segundo o establecido no proxecto de orzamentos xerais da Administración xeral do Estado para o ano 2023, serán de aplicación os seguintes incrementos:

a) Incremento vinculado á evolución do índice de prezos ao consumo harmonizado (IPCH). Se a suma do IPCH do ano 2022 e do IPCH adiantado do mes de setembro de 2023 superase o 6 por cento, aplicarase un incremento retributivo adicional máximo do 0,5 por cento. Para estes efectos, unha vez publicado polo Instituto Nacional de Estatística os datos do IPCH adiantado do mes de setembro de 2023, aprobarase a aplicación deste incremento mediante Acordo do Consello de Ministros, que se publicará no BOE.

b) Incremento vinculado á evolución do produto interior bruto (PIB) nominal no ano 2023. Se o incremento do PIB nominal igualase ou superase o estimado polo Goberno do Estado no cadro macroeconómico que acompaña a elaboración dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, aplicarase un incremento retributivo complementario do 0,5 por cento. Para estes efectos, unha vez publicados polo INE os datos do avance do PIB de 2023, aprobarase a aplicación deste incremento mediante Acordo do Consello de Ministros, que se publicará no BOE.

8. CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN (2023)

8.1 Campus Industrial de Ferrol (2023)

O pasado 28 de decembro de 2021 aprobouse o Plan estratéxico 2022-26 do Campus Industrial de Ferrol (CIF). Faise unha síntese dos seus logros e fitos de interese para a comunidade universitaria. O secretario xeral de Universidades destacou o salto cualitativo que experimentou o Campus dende o seu nacemento no ano 2016. Adendouse a anualidade do convenio 2021-22 e quedou establecido a nova anualidade para 2023 de 1,52 millóns de euros. Os principais fitos acadados resúmense nos seguintes apartados.

8.1.1 Nova oferta docente (2022-23)


Destaca o novo grao interuniversitario de Relacións Internacionais no que se cubriron todas as prazas ofertadas. Con estas actuacións, o Campus converteuse no campus non central con máis novas titulacións postas en marcha nos últimos anos de todo o sistema universitario galego (SUG). Este grande esforzo realizado nos últimos anos pode resumirse en que o 50 % dos graos e mestrados do Campus son novos ou modificados, o que supón un dato imprescindible no proceso de especialización do CIF. Ademais, o CIF foi pioneiro dentro do SUG, xa que foi o primeiro campus en impulsar unha titulación bilingüe (grao en Xestión Industrial da Moda) e foi o primeiro en implantar un título de formación universitaria dual (Grao Dual en Enxeñaría Eléctrica).

8.1.2 Reforzo da Investigación do CIF (2023)

Destaca o novo centro creado tras a integración dos centros da EPS e EUP coa creación da “Escola de Enxeñaría Politécnica de Ferrol”. Tamén se espera que xa estea finalizada no ano 2023 a reforma do edificio de Batallóns, así como o proxecto para a nova infraestrutura singular de

investigación. Trátase do proxecto do edificio CI3, tamén denominado como Centro de Investigación en Industria Intelixente. O edificio proxéctase con 9 niveis máis baixo cuberta, divididos en 2 subterráneos, 6 plantas xerais para laboratorios e unha entreplanta, cun total máximo de 14.771 m² de superficie construída. Estaría ubicado na Avenida de Esteiro, onde se atopa a entrada ao Campus Industrial.

Figura 4. Localización do edificio



É un centro único e singular, que pode reunir nun so edificio seis ámbitos de especialización como son a robótica industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñaría naval e offshore, xestión industrial e desenvolvemento de produto.

8.1.3 Interacción co tecido produtivo (2023)

Destacan a novas instalacións para o Laboratorio de Bioenxeñaría Ambiental e Control da Calidade, así como o Centro Mixto da UDC UDC-Navantia cun orzamento total de 3.750.000€, no que a subvención ascende a 1.500.000€ no período 2022-25. Un dos dous piares do CIF é contribuír á transformación do tecido produtivo do medio mediante a transferencia de tecnoloxía e coñecemento a empresas líderes en distintos sectores, desenvolvendo proxectos de I+D+i aplicados á industria e colaborando no ámbito docente.

O obxectivo é desenvolver novas técnicas e tecnoloxías que incrementen a eficiencia do estaleiro para o desenvolvemento do programa F-110 (buques militares e outras plataformas) e da nova fábrica de bloques dixitais. As actuacións centraranse nas liñas de investigación do xemelgo dixital de produto, planta proceso e novos procesos e dixitalización para mellorar a produtividade e reducir tempos e custos en toda a cadea de valor.

Tamén destacan cátedras como a Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos, a Cátedra Jorge Juan, a Cátedra Epifanio Campo, e a Cátedra de Protección Civil e Xestión de Emerxencias. Outro dos fitos que cómpre destacar é que o pasado mes de xullo de 2022 se inaugurou a Aula Siemens, outro fito na conexión co tecido produtivo.

8.1.4 INTERNACIONALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN (2022-23)

Se quere salientar a consecución de dous proxectos europeos, a captación de talento de 2 predoutoriais e 2 posdoutorais, a presentación do PERTE no sector naval e a adquisición de equipamento singular como é o equipamento de fatiga e o canal de ensaios. Neste sentido, o CIF está potenciando a investigación interdisciplinar de calidade no ámbito da industria intelixente e a fabricación avanzada, co fin de lograr un maior impacto na comunidade e o tecido produtivo da zona e conseguir posicionarse como un pilar de I+D a nivel nacional e internacional, e ser unha referencia nos seus ámbitos de especialización.

No ano 2022 desenvolvéronse mais de 30 actividades divulgativas e de promoción ligadas á especialización industrial do Campus, entre as que salientan seminarios, xornadas, eventos, feiras e edición de materiais docentes divulgativos e audiovisuais. Habería que pensar en acción de divulgación científica orixinal e innovadora.

8.2 CAMPUS SUSTENTABILIDADE E INNOVA

O Campus Sustentabilidade lanzouse en xuño de 2018 e o Innova en novembro de 2018. Preténdese avanzar na definición das grandes áreas especialización sobre as cales se concreten tanto as liñas de investigación ou de transferencia como as áreas de interese formativo ou académico. Deste xeito, preténdese continuar coa implantación da oferta de graos e mestrados baseados nos campus de especialización que intenten dar resposta ás novas necesidades sociais e de formación de profesionais do futuro que sirvan para impulsar sectores estratéxicos para a nosa comunidade autónoma.

No ámbito da docencia destaca o programa “Educando para a Sustentabilidade”, cunha vocación moi práctica e aplicada que se concretou en obradoiros, talleres e sesións formativas. O Grao Interuniversitario en Paisaxe vai finalizar a primeira edición. Tamén debemos salientar a mellora no *ranking* internacional GreenMetric no que a Universidade mellora a súa posición e acada o posto 49.º a nivel mundial e cuarto a nivel nacional. Ademais, a UDC apoia a sustentabilidade a través de formación especializada. Neste sentido, as empresas están incrementando a demanda de

profesionais deste tipo. En concreto, de persoas que coñezan a importancia da transición hacia modos de produción mais sustentables e o progreso do benestar nas cidades. As normativas europeas son cada vez máis claras ao respecto e obrigan ás empresas a adaptar os seus procesos para reducir as emisións de CO₂.

Para o ano 2023 xa estará en funcionamento unha infraestrutura piloto a escala real para a monitorización e avaliación de infraestruturas verdes (solucións baseadas na natureza) nos campus da Zapateira e Elviña. Trátase dun proxecto pioneiro no eido da sustentabilidade e das infraestruturas que pretende ser promotor do cambio social e do paradigma da xestión da auga nos contornos urbanos. No campus de Elviña presenta 3 solucións para cubertas e 2 solucións para viario cunha estación de monitorización da rede e unha unidade de control situada no CITEEC. No campus da Zapateira existe unha solución para cubertas (Filoloxía), unha solución para viario (Aparcamento de Filoloxía) e 1 estación de monitorización da planta de zonas húmidas construída para o tratamento de augas residuais urbanas (Ciencias).

O Campus Innova presentouse o pasado 16 de novembro de 2018. No ámbito da investigación e transferencia destaca a posición do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da información e das comunicacións. De igual xeito, o resto de centros de investigación vanse presentar á convocatoria de centros de investigación no próximo ano 2023. Estase a avanzar no deseño do ecosistema de innovación dixital e tecnolóxica da área TIC. Reflexiónase sobre as futuras oportunidades e retos que presentan estas tecnoloxías e sobre as aplicacións nos diferentes ámbitos da industria.

É de destacar a grande aceptación que están a experimentar os novos graos asociados e vinculados á área tecnolóxica e dixital como o grao en Videoxogos e o grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos, ao igual que o grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía. En todos os casos se completaron integralmente as prazas que se ofertaban. Tamén hai que salientar o éxito conseguido co programa Alumni e co programa STEM Bach, ambos dirixidos tanto á captación de talento como á promoción de vocacións científicas no eido da enxeñaría e das áreas de coñecemento científico-tecnolóxica. Por último, quérese sinalar a contribución dos dous campus ao proxecto da Cidade das TIC.

9. FONDOS NEXT GENERATION (2022-23)

Ante a situación xerada pola pandemia mundial provocada pola covid-19, o Consello Europeo acordou o 21 de xullo de 2020 un paquete de medidas co que se persegue que a Unión Europea e os seus estados membros poidan saír reforzados desta crise. Estas medidas reúnen o futuro marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027 reforzado e a posta en marcha do Instrumento Europeo de Recuperación «Next Generation EU».

9.1 Programas ou proxectos aprobados. Destácanse os retos da dixitalización, a transición ecolóxica e a recuperación, transformación e resiliencia. A continuación, resumimos os proxectos concedidos.

a) *Plan de recualificación do sistema universitario español para 2021-2023*

Trátase dun proxecto que contribúe no compoñente 21 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia presentado o 7 de outubro de 2020 e titulado «Modernización e dixitalización do sistema educativo». Nel instruméntase o investimento C21.I4 «Formación e capacitación do persoal docente e investigador». Trátase dun investimento de carácter plurianual dirixido á mellora do sistema universitario español a través da promoción da formación dos seus novos doutores, do fomento da mobilidade do seu persoal docente e investigador e da atracción do talento internacional. O financiamento para o período 2021-23 é de 5.083.188 € (Concesión UP2021-001), polo que a anualidade para 2023 é de 1.694.396 €.

b) *Programa de equipamento científico-tecnolóxico*

A UDC presentou 9 proxectos dos que resultaron concedidos 4. O financiamento conseguido foi de 2,39 millóns de euros. Estes equipos xunto con algúns dos xa dispoñibles nos SAI da UDC, teñen aplicación directa nas liñas de investigación actuais dos grupos da nosa universidade, así como doutros organismos oficiais e empresas privadas. En concreto, a consecución destes instrumentos suporá un notable avance nos estudos relacionados coa nanociencia e potenciarán a investigación relacionada coa nanociencia e nanotecnoloxía.

c) Proxectos de transformación ecolóxica e dixital

Presentáronse proxectos de enerxía renovables, que corresponden á convocatoria dos fondos “Next Generation EU”. Dos 12 proxectos presentados acadáronse 9 mentres que 3 estaban en lista de espera, mais, finalmente, foron aceptados. Está comentado no apartado doce deste documento. Destaca tamén a participación directa en proxectos estratéxicos de recuperación e transformación económica entre os que destacan os proxectos de intelixencia artificial, comunicación cuántica, ou no eido da sustentabilidade como os proxectos RedeVerde e Ruraltxa, os cales contan con anualidade para 2023 e se van a desenvolver nos próximos anos 2024 e 2025. De igual xeito, é de destacar o éxito na consecución de 23 proxectos no eido da transformación dixital e ecolóxica.

d) UNIDIGITAL

A convocatoria esixe a presentación de proxectos propios para desenvolver na mesma universidade e colaborativos para desenvolver por, ao menos, 3 universidades. Os proxectos foron presentados o 2 de novembro de 2021. A axuda que recibiu a UDC quedou establecida nunha contía de 1.162.529,40€, e no ano 2022 recibíuse 168.668,90€, (ano 2022). Un resumo dos proxectos presentados tanto propios como colaborativos pode verse na táboa 15.

Táboa 15. Proxectos para desenvolver no ano 2023 da convocatoria Unidigital

Categoría	Denominación do Proxecto	Universidade que coordina	Orzamento inicial	Orzamento previsto
Xestión académica (propio)	Sigma Academic	UDC	451.248,37 €	479.775,68 €
CPD redundante e servizos Cloud (propio)	UDCcloud	UDC	130.000,00 €	100.000,00€
Xestión académica (módulos interuniversitarios)	Sigma Academic	UVigo	118.000,00€	118.000,00€
Formación en competencias dixitais para PDI, PAS e alumnado	DigitAll	UCLM	106.760,00 €	106.760,00 €
Competencias dixitais do Profesorado-Formación en Acreditación	DigCompEdu-FyA	UAH	50.000,00 €	50.000,00 €
Plataforma virtual de formación en aberto	xOC	USC	72.000,00 €	72.000,00 €
Servizo de certificación dixital para o Sistema	CertiDigital	UC3M	75.000,00 €	75.000,00 €
Plataforma de campañas automáticas de concienciación en seguridade	ConSeg	US	6.818,18 €	6.818,18€
SOC interuniversitario	UniSOC	UDC	140.169,00 €	420.169,00 €*
Desenvolvemento de mecanismos de segundo factor para identificación de usuarios invitados	Portafirmas	UAM	4.000,00 €	4.000,00 €
Ampliación do módulo de invitados para contemplar o tratamento masivo de peticións	Portafirmas	UAM	1.333,33 €	1.333,33 €
Cadro de mandos de datos para a explotación estatística	Portafirmas	UAM	3.400,00 €	3.400,00 €
Auditoría de seguridade de eventos de Portafirmas	Portafirmas	UAM	3.800,00 €	3.800,00 €

*Ao ser líderes do proxecto temos que xestionar o crédito total das tres universidades involucradas, de aí que o crédito sexa maior que o inicial en 280.000 €

10. PLAN ESTRATÉXICO (2022-26)

10.1 Introducción

O actual plan estratéxico finalizou a súa vixencia a finais do ano 2020. Como consecuencia da pandemia prorrogouse a súa vixencia ate que se recupérase a normalidade. En outubro de 2021 aprobouse en Consello de Goberno a metodoloxía e en novembro do mesmo ano presentouse ante o Consello de Goberno o documento denominado Visión, misión e valores e, posteriormente, no Claustro do 10 de decembro de 2021 onde foi aprobado. Entre xaneiro e xuño de 2022, reuníronse

os grupos de traballos para debater sobre a diagnose estratéxica (fase 2); establecer os obxectivos estratéxicos e operativos (fase 3); determinar os proxectos e accións para dar cumprimento aos obxectivos definidos por áreas estratéxicas (fase 4) e, finalmente, o Cadro de Mando (fase 5). O Plan estratéxico foi presentado no Claustro o pasado 4 de novembro, onde foi aprobado.

10.2 Síntese do Plan estratéxico

O Plan estratéxico 2022-26 nace nun contexto de moita complexidade, condicionado sobre todo pola pandemia da covid-19, e está deseñado sobre a experiencia dos plans estratéxicos anteriores que serviron para impulsar a nosa institución e guiala no proceso de desenvolvemento estratéxico. O primeiro paso foi o establecemento de grupos de traballo arredor das súas cinco grandes áreas estratéxicas: docencia e aprendizaxe, investigación e transferencia, financiamento e uso eficiente dos recursos, internacionalización e responsabilidade social e sustentabilidade.

Cunha mirada crítica e aberta desde o principio, partiuse da revisión da nosa cultura organizativa para sentar as bases sobre os obxectivos estratéxicos marcados nos próximos anos. A diagnose externa permitiu identificar a necesidade de afrontar o reto demográfico, a incerteza económica e a actual crise enerxética pero tamén visionou a oportunidade que vai supoñer no futuro o papel da I+D+i e o coñecemento especializado como variable transformadora da contorna social, económica e ambiental. De igual xeito, a diagnose interna permitiu identificar fortalezas e capacidades singulares no ámbito da docencia, da investigación e da transferencia, da internacionalización, e na área da responsabilidade social e a sustentabilidade. Esta diagnose tamén identificou a necesidade de mellorar e simplificar os procesos de xestión económica e administrativa o que require unha formación máis especializada, o traballo en equipo e avanzar na dixitalización dos procesos de xestión.

Para facilitar tanto a xeración do coñecemento como a súa difusión á sociedade na UDC estamos a impulsar e liderar os ecosistemas de innovación baseados en competencias diferenciais e singulares, nomeadamente as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e a enxeñaría focalizada na Industria 4.0. Así, no Campus Industrial de Ferrol estase a desenvolver o proxecto do Estaleiro do futuro, grazas á colaboración entre a UDC e Navantia. No eido da TIC, salienta a creación dun polo tecnolóxico TIC e de innovación dixital de referencia a nivel nacional que actuará como un demostrador de tecnoloxías emerxentes, de apoio ao tecido empresarial, e que se caracterizará pola prestación de servizos tecnolóxicos avanzados e polo fomento do emprendemento e a atracción de empresas e de talento.

A execución do plan tradúcese nun conxunto de programas orientados ao cumprimento dos obxectivos estratéxicos para cada área. Finalmente, para que o Plan cumpra coa súa función e sexa unha ferramenta útil, dinámica, adaptable a posibles cambios, establecéronse uns mecanismos de control que permitirán o seguimento e a revisión periódica, así como a rendición de contas correspondente. Deste xeito, a partir da definición de indicadores obxectivos e cuantificables vai ser posible non só avaliar o rendemento docente, de investigación ou transferencia, da responsabilidade social, financiamento ou a internacionalización.

11. REHABILITACION DE EDIFICIOS PÚBLICOS E EFICIENCIA ENERXÉTICA (2022-23)

No ano 2021 rematáronse os seis proxectos de eficiencia enerxética que estaban previstos para o ano 2020, os cales non puideran executarse por mor da pandemia mais puideron rematarse ao ano seguinte. O obxectivo para 2022-23 é continuar con esta liña de mellora da eficiencia enerxética e complementar esta actuación coa rehabilitación de edificios públicos. A continuación, resúmense as actuacións realizadas no ano 2022 que, ademais, teñen continuación no ano 2023.

A) Actuacións de rehabilitación de edificios públicos e proxectos de infraestruturas singulares (2022-23)

Se inclúe dentro dese apartado a ampliación do CITIC. A obra ten unha planificación plurianual e conta cun investimento total de 600.000 €. Existen anteprojectos de edificación de infraestruturas singulares no eido das TIC que estaría situado na Cidade das TIC e da infraestrutura singular para Ferrol (Centro de Investigación e Innovación para a Industria Intelixente). Agora procede avanzar na seguinte fase consistente na elaboración do proxecto, o cal debería licitarse no ano 2023.

B) Adhesión a REDEXGA (2023)

Procedeuse a realizar a adhesión a Redexga dos centros de Filoloxía, Informática e o Edificio de Servizos Centrais para a Investigación nos que se realizaba compra de enerxía. Este programa estaba a ser eficaz mais coa suba dos prezos dende o derradeiro cuadrimestre de 2021 foi necesario reformular esta opción e incorporar a Redexga eses centros. Tamén se mantén a compra centralizada de combustibles e gas tanto en Redexga como en CSUC.

C) Enerxías renovables: instalación de paneis fotovoltaicos (2022-23)

No ano 2022, a UDC conseguiu a aprobación de 12 proxectos de enerxías renovables. O resultado foi de 9 concedidos e 3 en reserva, os cales tamén foron tamén aceptados. Os edificios nos que se van facer actuacións son Socioloxía e Comunicación, Informática, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, Dereito, Departamentos ETSAC, Pavillón 2 da Facultade de Ciencias do Deporte, ESCI, Xoana Capdevielle, Pavillón de Estudantes, Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas (ETSNM), Escola Técnica Superior de Camiños e a Facultade de Ciencias do Traballo. Algunhas das actuacións en cubertas comezaron a realizarse no ano 2022 e outras terán que ser realizadas no ano 2023.

12. A CIDADE DAS TIC (2022-23)

12.1 Ecosistema de innovación ao redor da área TIC e polo de especialización

Trátase dun polo tecnolóxico TIC e de innovación dixital de referencia a nivel nacional e internacional que actuará como un demostrador de tecnoloxías emerxentes, de apoio ao tecido empresarial, pola prestación servizos tecnolóxicos avanzados non dispoñibles en Galicia, facilitando a instalación de empresas do sector, o impulso da I+D+i, o fomento do emprendemento e a atracción de empresas.

12.2 Centro de Servizos Avanzados (CSA)

A Cidade das TIC comezou a súa primeira fase coa posta en marcha dun Centro demostrador de Transformación dixital. Nel situaranse tanto pemes TIC innovadoras como laboratorios tecnolóxicos en ámbitos estratéxicos como a intelixencia artificial, dispositivos intelixentes, comunicación cuántica, tecnoloxías multimedia e transformación dixital. Tamén contará con aloxamento para empresas tecnolóxicas. Espérase que estea finalizado no primeiro semestre de 2023.

Figura 5. Edifícios e servizos da Cidade das TIC



Fonte: <https://www.cidadedastic.gal/>

12.3 Fitos acadados: comezo da rehabilitación do primeiro dos edificios (CSA)

Destácanse fitos deste ano 2022 que continuarán no próximo ano 2023.

Convenio de colaboración coa Consellaría de Traballo: febreiro 2022

En febreiro asinou o convenio de colaboración entre a UDC e Consellería de Traballo para a avaliación das novas oportunidades, retos e necesidades de formación como consecuencia da implantación das TIC nos diferentes sectores de actividade económica ou empresarial.

Lanzamento da obra do CSA: marzo 2022

No mes de marzo resolveuse o concurso da rehabilitación do edificio da Fábrica de Armas a favor da empresa Acciona. Como xa se mencionou, a previsión é que finalice no primeiro semestre do ano 2023.

Presentación da proposta de start up: Abril 2022

As *start up* da cidade da Coruña fixeron a presentación da súa proposta o pasado 21 de abril. O evento pechouse cunha mesa redonda aberta á participación do público e á que foron invitados representantes do Concello da Coruña, o Clúster TIC, centro de iniciativas empresariais e a Universidade da Coruña. A Cidade das TIC contribuirá a atraer a Galicia emprendedores TIC e a grandes socios tecnolóxicos internacionais en novas tecnoloxías emerxentes.

Congreso Ecosystems 2030: xuño 2022

Ecosystems 2030, (A Coruña, 2-3 xuño 2030). Trátase dun foro interdisciplinar dirixido ao persoal que traballa no eido das tecnoloxías como intelixencia artificial, sistemas autónomos, *fintech*, impresión 3D, robótica e realidade aumentada ou virtual. Participouse coa finalidade de potenciar o ecosistema de innovación dixital e tecnolóxica da área TIC.

A Coruña, candidata á sede da AESIA: outubro de 2022

A cidade da Coruña foi escollida como a cidade de Galicia para optar á sede da Axencia Española para a Supervisión da Intelixencia Artificial en España. Competirá con outras cidades de España e se espera a resolución para o próximo ano 2023.

A Coruña, elegida como sede da AESIA: decembro de 2022

O pasado 5 de decembro se recoñeceu oficialmente que A Coruña foi elegida como sede oficial da AESIA.

12.4 Próximas actuacións (2023)

Estase a impulsar o proxecto do novo Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC). Prevese a creación dun centro de formación avanzada en novas ocupacións profesionais vinculadas á transición dixital e ecolóxica.

CONCLUSIÓNS

As principais conclusións que se derivan deste documento son as seguintes:

1) Contexto de incerteza económica

Continuamos nun contexto de incerteza económica. A proba deste feito é que se esperaba un incremento do PIB do 5 % para este ano 2022, o cal non puido materializarse. De igual xeito, as previsións de crecemento do PIB de Galicia para o ano 2023 se reduxeron ao 1,7%.

2) Incremento dos gastos correntes (capítulo II)

O orzamento do ano 2023 sitúase no nivel dos 168,44 millóns de euros, cun incremento do 13,87 % con respecto ao ano 2022. Continua o incremento dos gastos correntes (enerxía eléctrica, limpeza, seguridade, combustibles, seguros, tributos, mantementos, xardinaría etc.). En total, os gastos correntes ascenden a 19,94 millóns de euros (cun incremento do 6,85 %). Faise necesario realizar un control da evolución do gasto corrente en todas as unidades ou centros. Os proxectos de eficiencia enerxética e investimentos en enerxías renovables tamén contribuírán a xenerar un maior aforro no medio prazo.

3) Incremento dos investimentos en I+D+i (capítulo VI)

Sen embargo, é importante destacar o incremento en investimento da I+D+i. Neste apartado destacan diferentes programas. Entre eles están os programas de captación de persoal investigador, o impulso do Campus Industrial de Ferrol, os proxectos de infraestruturas singulares de investigación (ex. Campus Industrial de Ferrol ou Cidade das TIC), ou o investimento en proxectos estratéxicos (ex. Centro mixto de investigación UDC-Navantia do Campus Industrial de Ferrol).

4) Plan de aforro enerxético e de redución do impacto ambiental

Aprobáronse medidas de aforro enerxético centradas na potenciación da eficiencia enerxética, o peche de centros en períodos lectivos en réxime de teletraballo e en períodos nos lectivos. Tamén se van intensificar medidas como o transporte e mobilidade sustentable; o cambio a iluminación LED e aproveitar a luz natural; aproveitamento dos recursos hídricos; promover a educación para a sustentabilidade (campañas de promoción, divulgación e sensibilización) e realizar un seguimento da eficacia destas actuacións baseado en indicadores obxectivos e cuantificables.

5) Desenvolvemento de ecosistemas de innovación

Estamos a impulsar e liderar os ecosistemas de innovación baseados en competencias diferenciais e singulares, nomeadamente as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e a enxeñaría focalizada na Industria 4.0. Así, no Campus Industrial de Ferrol estase a desenvolver o proxecto do Estaleiro do futuro, grazas á colaboración entre a UDC e Navantia. No eido da TIC, salienta a creación dun polo tecnolóxico TIC e de innovación dixital de referencia a nivel nacional.

6) Impulso dos campus de especialización

Preténdese impulsar o Campus Innova, o Campus Sustentabilidade e o Campus Industrial de Ferrol cuxas grandes liñas de especialización, tanto de investigación como de transferencia están en continua evolución.

7) Impulso dos centros de investigación

No ámbito da investigación e transferencia destaca o avance do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da informacións e das comunicacións. Tamén se quere someter a avaliación dos centros de investigación do CICA, CITENI e do CITEEC. O obxectivo é conseguir a acreditación.

8) Implantación do Plan estratéxico 2022-26

Aprobouse o plan estratéxico que se basea na creación e difusión dun coñecemento especializado baseado nas competencias distintivas da nosa universidade coas que se pretende a creación de ecosistemas de I+D+i vangardistas, pioneiros e sustentables.

9) Maior énfase no investimento en programas de eficiencia enerxética

Vaise continuar coa implantación de programas de aforro como é a adhesión a centrais de compra, así como o desenvolvemento de máis proxectos de eficiencia enerxética e o investimento en enerxías renovables.

10) A Cidade das TIC

No segundo semestre de 2023 estará rematada a obra do Centro de Servizos Avanzados (CSA). Trátase do primeiro edificio da Cidade das TIC, un centro pioneiro de servizos avanzados no eido das TIC. Tamén é importante destacar que o 5 de decembro a cidade da Coruña foi seleccionada para ser a sede da Axencia Española para a Supervisión da Intelixencia Artificial en España.